

REGULAMENTOS CARREIRA SAN MARTIÑO 2018

A XLII Carreira Pedestre Popular do San Martiño, organizada polo Consello Municipal de Deportes de Ourense, celebrarase o domingo día 18 de novembro de 2018

REGULAMENTO DA CARREIRA ESCOLAR- 4,7 KM

1.- Esta carreira pedestre está reservada para todos os nenos/as nados entre os anos 2007 e 2002 que participen de forma individual e/ou a través dos centros escolares, tanto públicos coma privados.

2.- Os adultos non poderán participar nin acompañar ós participantes na saída nin na meta e non poderán acceder ás zonas de avituallamento nin entrarán na clasificación.

3.- Esta proba dará comezo ás **12.30 horas**, con saída na Ponte do Milenio e meta na rúa Pardo de Cela. O percorrido será de 4.700m, e discorrerá polas seguintes rúas:

Ponte do Milenio, Basilio Álvarez, Avda. das Caldas, Ponte Vella, Progreso, Av. de Pontevedra, Lamas Carvajal, Paseo, Curros Enríquez, Ponte Nova, Ribeira de Canedo, Ponte Vella e Pardo de Cela.

4.- Os avituallamentos estarán situados na Av. de Pontevedra e á chegada no Pavillón Municipal dos Remedios.

REGULAMENTO DA CARREIRA DE CATIVOS – 1,4KM

1.- Esta carreira **está reservada** para todos os nenos/as nados nos anos 2008 e 2011, **podendo ir acompañados dun adulto responsable que a ningún efecto se considerará participante.**

2- Esta proba dará comezo ás **13,20h horas**, con saída na Ponte do Milenio e meta na rúa Pardo de Cela. O percorrido será de 1.400m, e discorrerá polas seguintes rúas:

Ponte do Milenio, Basilio Álvarez, Avda. das Caldas, Ponte Vella e Pardo de Cela.

REGULAMENTO DA CARREIRA INCLUSIVA – 1,4KM

1.- Esta carreira **está reservada** para todos os nenos/as nados no 2012 e posteriores e persoas con diversidade funcional, **podendo ir acompañados dun adulto responsable que a ningún efecto se considerará participante.**

2- Esta proba dará comezo ás **13,30h horas**, con saída na Ponte do Milenio e meta na rúa Pardo de Cela. O percorrido será de 1.400m, e discorrerá polas seguintes rúas:

Ponte do Milenio, Basilio Álvarez, Avda. das Caldas, Ponte Vella e Pardo de Cela.